

# Informe de coordinación do Grao en Dereito

## Curso 2022/2023

---

### Índice

I. Información xeral .....	2
II. Coordinación .....	2
III. Accións de coordinación.....	2
IV. Conclusións.....	5

## I. INFORMACIÓN XERAL

Denominación do título	Grao en Dereito
Centro(s) onde se imparte o título	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
Títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade(s) participante(s)	
Curso de implantación	2013-2014

## II. COORDINACIÓN

Coordinación de títulos	María Antonia Arias Martínez
Equipo coordinador do curso (se procede)	

## III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

Descríbanse as accións realizadas no curso académico:

### I. Introducción

De conformidade coa Normativa Interna de Coordinación das Titulacións do Grao da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo, aprobada pola Xunta de Facultade nas correspondentes datas, a Coordinación do Título correspóndelle entre outras funcións as que se recollen deseguido.

-Desenvolver as súas competencias sobre todos os aspectos relacionados coa aplicación dos contidos da Memoria do Título, proposta de modificación, así como sobre todas as accións de innovación e mellora derivadas da avaliación do desenvolvemento da titulación (art. 1).

-Colaborar co equipo decanal do Centro e, en particular, cos vicedecanos competentes, no seguimento da implantación e cumprimento dos obxectivos dos respectivos títulos de grao (art. 2)

No que atinxe ás funcións específicas, dispónse que lle corresponden entre as principais redactar un informe para dar conta ao equipo decanal da Facultade e á Comisión de Garantía de Calidade, das incidencias detectadas no desenvolvemento da docencia e as súas posibles solucións (art. 3).

As accións de coordinación que se levan a cabo no contexto dos estudos do Grao en Dereito son substancialmente de dous tipos:

- Coordinación coa Facultade de Dereito de Ourense.
- Coordinación entre o coordinador de Grao e os coordinadores da materia.

## 2. Coordinación coa Facultade de Dereito de Ourense

A comisión de Coordinación do Grao en Dereito da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (campus de Vigo) e da Facultade de Dereito (campus de Ourense) reunense con certa frecuencia para tratar temas diversos que afectan á titulación. Á marxe destas reunións hai un contacto permanente coa coordinación do Grao na Facultade de Dereito (campus Ourense) para tratar temas que afectan a cuestións como a elaboración de Guías Docentes.

## 3. Coordinación entre as persoas responsables da coordinación do Grao e as persoas coordinadoras das materias

Durante o curso 2022/2023, as persoas coordinadoras do Grao mantiveron unha comunicación fluída cos diversos coordinadores e coordinadoras das materias. A primeira toma de contacto tivo lugar, como nos cursos previos, para abordar a elaboración das Guías Docentes.

Previamente, iniciouse o proceso coa revisión xeral de todas as guías do Grao na aplicación docnet por parte da coordinación, e a subsanación das deficiencias formais en comunicación coa Área de Calidade, e dentro do prazo establecido ao efecto. Os erros máis comúns foron, como é habitual, a existencia de materias sen coordinador/a ou con coordinador/a erróneo, o que adoita ser a translación dun envorcado incompleto de datos por parte dos departamentos derivado de lagoas existentes á hora de elaborar os POD.

O proceso continuou coa apertura da aplicación docnet para todo o profesorado e a correspondente orde de elaboración das guías docentes no mes de xuño. Concretamente, o 13 de xuño de 2022 remitiuse un correo electrónico a todos/as coordinadores/as de materias notificando a apertura do prazo de elaboración e revisión das guías docentes, o calendario de elaboración e as indicacións precisas a ter en conta durante o proceso. O prazo de revisión das guías remataba o 20 de xuño de 2022. E todo o proceso consistente na revisión, aprobación das guías, peche de docnet e publicación das guías rematou a 7 de xullo de 2022.

Polo tanto, do mesmo xeito que en anos anteriores, optouse pola comunicación directa e individualizada a través do correo electrónico entre a coordinación da titulación e os/as coordinadores/as de todas as materias. Trátase dun modo de comunicación rápido e operativo, que

permite, ademais, unha atención particularizada ás demandas de cada un dos docentes responsables das diferentes materias.

Unha vez elaboradas e revisadas as Guías Docentes procede, do mesmo xeito que nos cursos previos, levar a cabo unha correcta distribución e planificación dos contidos do plan de estudos no calendario e no horario académico aprobado na Xunta de Facultade, o que se consegue co labor de elaboración e revisión dos cronogramas de cada unha das materias da Titulación.

- Solicitude de cronogramas do primeiro cuatrimestre: o proceso foi iniciado o 22 de xullo de 2022, coa remisión dun correo electrónico a todos os Coordinadores/as das materias do 1º cuatrimestre solicitando a elaboración dos cronogramas e proporcionando as indicacións precisas para a súa elaboración. A fin de unificar criterios, achegábase o modelo de cronograma que debería seguirse por todos os docentes.
- Solicitude de cronogramas do segundo cuatrimestre: o proceso foi idéntico que para os do 1º cuatrimestre, é dicir, remisión de correo electrónico, o día 12 de xaneiro de 2023, coas debidas instrucións e modelo de cronograma.

As pequenas incidencias xurdidas durante o proceso de elaboración, tanto do 1º como do 2º cuatrimestre do curso 2022/2023, foron resoltas individualmente con cada un dos coordinadores/as das respectivas materias. Prestouse especial atención ao calendario de probas parciais de avaliación continua e presentación de traballos, coa finalidade de evitar solapamentos entre os esixidos nas distintas materias e unha distribución irregular do traballo nas diferentes semanas do cuatrimestre. Tras estas comprobacións foi preciso solicitar varias modificacións que foron debidamente atendidas polos docentes afectados.

Antes de rematar este apartado compre sinalar que a Coordinación do Grao está sempre dispoñible para solventar, mediar ou intervir en calquera incidencia ou suxestión que lle poidan plantexar o profesorado e o estudiantado do Grao, dentro das súas competencias.

#### 4. Outras accións de coordinación desenvolvidas

Dende a Coordinación da Titulación do Grao en Dereito da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, tratouse de dar respostas á situacións derivadas da problemática do estudo, realizando intervencións a través de reunións e entrevistas persoais e colectivas de forma presencial ou a través de campus remoto da UVigo.

Por outra parte, debe sinalarse, que ao longo do curso se organizan unha serie de actividades dirixidas con carácter xeral ao alumnado do Centro, e en particular aos estudantes do Grao en Dereito, entre as que cabe destacar:

-5 de setembro de 2022: Xornada de benvida celebrada no Salón de Graos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Tras a presentación do equipo decanal se lles deu a coñecer ao estudiantado os

diferentes servizos dos que dispoñen na Universidade para facilitar a súa aprendizaxe e para complementar a súa formación. Nesta ocasión interviñeron representantes do Servizo de extensión universitaria e atención á diversidade, do Centro de linguas, da Oficina de Relacións Internacionais, (programas de mobilidade), da unidade de igualdade, da biblioteca, da Delegación de alumnado da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e do Servizo de Deportes.

-16 de marzo de 2023: II edición de EMPREGOinCAMPUS. Feira nacida para pór en contacto ás persoas egresadas e ao estudantado do último curso con empresas e institucións colaboradoras que buscan talento cualificado na UVigo, facilitándolle ao alumnado que poida coñecer de primeira man as oportunidades profesionais e contactar directamente coas persoas responsables dos procesos de selección.

-14 e 15 de marzo de 2023: Xornadas formativas: En primeira persoa, Saídas profesionais e Taller de oratoria. Comunicación eficaz con técnicas actorais orientada ao sector xurídico-social. Celebrada no Salón de graos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

---

## IV. CONCLUSIONES

As accións de coordinación indicadas repítese en termos similares curso tras curso dende a implantación do Grao en Dereito, e entendemos que resultan axeitadas e suficientes para garantir un axeitado desenvolvemento das actividades académicas da titulación.

En todo caso, non se pode concluír este informe sen agradecer a inestimable colaboración de todo o profesorado da Titulación sen a cal non sería posible levar a cabo unha coordinación acaída. É preciso facer unha mención particular ao prof. Xosé Manuel Pacho Blanco que se ocupou da coordinación deste Grao durante a primeira parte do curso 2022/2023 e facilitou ao máximo a continuidade da labor de coordinación.

En Vigo, a 7 de decembro de 2023.

Responsable do título: María Antonia Arias Martínez

Sinatura: